

AS AVENTURAS DE

Kalz & Tin




entreculturas
FUNDACIÓN PARA LA EDUCACIÓN
Y EL DESARROLLO DE LOS PUEBLOS

902 444 844

www.entreculturas.org

índice

- 
- 1- Introducción
 - 2- Descripción
 - 3- Os valores nas aventuras de Kalz e Tin
 - 4- Axudamos a Poli
 - 6- Algo ensínanos o parque
 - 10- Tin é responsable
 - 14- Kalz cóntanos un xogo novo
 - 16- O mellor é dicir a verdade
 - 20- Descubrimos palabras con Poli
 - 22- Buscando a Don
 - 26- Don cóntanos a súa aventura
 - 28- Onde está a bóla?
 - 34- Tin ensínanos un truco
 - 36- Queredes xogar comigo?
 - 40- Media fálanos da paz
 - 42- Xoguemos con Kalz e Tin
 - 43- Quebracabezas
 - 44- Bibliografía e outros recursos

Este material pódese reproducir parcial ou totalmente, sempre e cando se faga constar explicitamente o nome da autora e de Entreculturas como fonte de onde se extraeu o documento e se lle comunique a Entreculturas.

introdución

Entreculturas é unha organización non governamental, promovida pola Compañía de Xesús, que defende o acceso á educación dos máis desfavorecidos, como medio de cambio social, xustiza e diálogo entre culturas.

Desde hai anos apostamos pola promoción social dos excluídos do mundo. En Entreculturas estamos convencidos da necesidade de educar tamén aquí nos nosos países do norte para a comprensión dun mundo interdependente.

A Guía Didáctica "As aventuras de Kalz e Tin 2" forma parte de ¿Igal-Dá?, campaña educativa pola inclusión e a equidade, orientada a comprender a orixe das desvantaxes que impiden a igualdade de oportunidades, especialmente no ámbito da educación, e tamén a necesidade de compensalas para transformar as realidades de exclusión.

Nos niveis de infantil e primaria promove o desenvolvemento de valores que contribúen a crear unha sociedade máis xusta e solidaria.

**Porque non nos dá igual.
Queremos un mundo máis xusto para todos e todas!**

Se desexas máis información sobre a Campaña ¿Igal-Dá?, escríbenos!
Entreculturas-Fe y Alegría. Departamento de Educación para o Desenvolvemento.
Pablo Aranda 3, Madrid 28006
e-mail: entreculturas@entreculturas.org
Páxina web: www.entreculturas.org



descripción

As aventuras de Kalz e Tin 2 é unha proposta de traballo para o segundo ciclo de educación infantil e o primeiro ciclo de educación primaria. Contén 6 historias breves que se recollen no DVD **As aventuras de Kalz e Tin**. A lectura dos diálogos e as actividades promoven o desenvolvemento de valores solidarios e pódense realizar tanto na aula coma noutros contextos educativos: familia, bibliotecas, espazos de ocio e tempo libre, etc.


N' **As aventuras de Kalz e Tin 2** recompiláronse os diálogos que manteñen os personaxes que, en cada capítulo, resollen as situacións grazas ao apoio do grupo, ás reflexións que fan sobre as súas accións e á suma de esforzos por acadar unha meta común.

Os diálogos pódense ler individualmente ou en grupo, representando os personaxes, e, en todo caso, serán de grande axuda para afianzar o proceso de lectoescritura.

Propóñense dúas actividades por cada capítulo: algunhas son variacións de xogos tradicionais que, en moitos casos, os nenos e nenas xa as coñecen e poden achegar os seus coñecementos previos. Atendendo á diversidade, un mesmo xogo pode ser coñecido por diferentes nomes; será divertido descubrilos entre todos.



Kalz e Tin son dous calcetíns que xunto cos seus amigos e amigas, Poli, Media, Algo e Don, protagonizan seis historias nas que resollen diferentes situacións ambientadas en escenarios próximos aos nenos e nenas, que motivarán o diálogo e a participación en actividades.



os valores nas aventuras de Kalz e Tin 2

Cooperación	Axudamos a Poli	Os calcetíns utilizan o seu enxeño para resolver un problema e axudar a un amigo que está atrapado nunha árbore.
Responsabilidade	Tin é responsable	Tin decátase de que os gustos ou xogos dos demais non son iguais aos seus e que, xunto cos seus amigos, pode aprender outros novos e divertidos.
Sinceridade	O mellor é dicir a verdade	Poli pensa que desordenou as pezas do quebracabezas que facían os seus amigos, polo que as ordena e se fai o despistado. Finalmente descobre que sempre é mellor dicir a verdade.
Participación	Buscando a Don	Cando un dos calcetíns se encontra nun apuro, os demais non dubidan en axudalo. Algo consegue atopar o seu irmán Don grazas á participación dos seus amigos e amigas.
Solidariedade	Onde está a bóla?	Se miramos con atención podémonos decatar do que pasa á nosa beira, isto é o que pensa Tin cando descobre a maneira de axudar a Poli. Pero, claro, conta cos seus amigos e amigas para conseguilo.
Paz	Queredes xogar comigo?	Para resolver os conflitos hai que dialogar, porque ás veces a nosa imaxinación pode dar paso a malos entendidos como lles acontece a Poli e Kalz, mentres Media intenta atopar os seus amigos para compartir con eles a bóla.

Cooperación:

Axudamos a Poli

No parque. Fai un día de moito vento. Poli xoga a esperar unha ventada de aire e deixar que impulse a súa carreira. Poli ínchase e corre rápido. Cae uns metros máis aló. Tin e Kalz achéganse.



Kalz: Ola, Poli.

Tin: Ola, Poli. Que fas?

Poli: Ola, Kalz!, Ola, Tin! Ho! Isto é moi divertido, tedes que probalo. Primeiro sopra unha brisa que te levanta do chan, hop!, e cando sopra forte inchas e... a voar!

Kalz: Ho! Non sei. Parece un pouco perigoso. E se caes dentro dun charco?, ou se quedas pendurado dunha póla?, e se o vento sopra demasiado forte?

Poli: Ho!, tranquilo. Teño todo controlado, son o mellor corredor do parque.

Tin: Eu tamén quero probar.

Poli: Home non, Tin! Ponte aquí e botamos unha carreira.

Tin: Kalz, proba ti tamén.

Kalz: Ho! Non, non, non, non, non, non. Parece moi perigoso.

Poli: Veño logo, corremos só nós os dous. Tranquila, Tin, que estou contigo.

Tin e Poli dispóñense a correr. Esperan a ventada boa. Kalz mira expectante aos seus amigos.

Poli: Agora, Tin!, vamos!

A ventada é demasiado forte. Tin cae varios metros máis aló.

Tin: Que moito, Poli, é xenial!

Tin busca o seu amigo, pero non o ve.

Tin: Kalz! Non viches a Poli? Non o vexo.

Kalz: Creo que está detrás daquelas pólas, eu tampouco o vexo.

Kalz y Tin: iPoli!, iPoli!, iPoli!, iPoli!

Poli: Estou aquí!, socorro!, ai, ai!, estou aquí!, socorro!, ai, axudádeme!, esta póla estame desfacendo os rombos!, axudádeme a baixar!



Cooperación:



Kalz e Tin atopan a Poli: está enganchado na póla dunha árbore.

Tin: Non te preocupes, Poli, axiña che botamos un cabo.

Kalz: Pero ti e mais eu sós non podemos. Temos que pensar algo. Temos que pensar un plan, rápido. Rápido, rápido, ho, ho... Mira, alí están Algo, Don e Media.

Kalz e Tin: Algo!, Don!, Media!, Vide!

Tin: Poli está pendurado dunha árbore, podédesnos axudar?

Don e Media deixan de xogar e achéganse ata a árbore. Todos se poñen a saltar xusto debaixo de Poli, coa intención de alcanzalo. Berran e falan ao mesmo tempo.

Poli: Ah!, ai!, podédesme axudar a baixar?

Don: Uf, como chegaría ata alí? Está altísimo.

Tin: Poli, non te preocupes que agora te baixamos.

Media: Rápido, debe estar pasándoo fatal.

Kalz: Un momento... O mellor vai ser que fagamos unha torre entre todos.

Tin: É unha idea moi boa!

Media: Ho!, si, eu vou primeira.

Algo: Ho!, e eu despois.

Don: Non, non, non, non, despois eu.

Kalz: Eu son o cinco.

Media: Será mellor que me poña eu.

Poli: Veña, xa está por favor, que isto doe moito, e ademais aquí hai un paxaro que me está mirando moi raro. Ai, apurade, axudádeme!

Media sobe primeira e Kalz queda no alto de todo.

Tin: Ten coidado, Kalz, podes caer.

Poli: Vamos!

Kalz sobe ata o alto e desengancha con coidado a Poli.

Poli: Moitas grazas. Grazas a todos. Aínda menos mal que estabades aquí para axudar!



Cooperación:

Algo ensínanos o parque. Xogamos no parque.

1. Obxectivos.

- Identificar algunhas actividades nas que é necesaria a axuda doutras persoas.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes de axuda e cooperación con outros nenos, nenas e adultos.

2. Desenvolvemento da actividade.

- > Iníciase a actividade cun breve paseo polos arredores do centro; se hai un parque próximo ou xardín, pedir que poñan especial atención no que ven. Poden levar consigo unha pequena cámara de fotos de cartolina ou un marco. Hai que pedirles que se fixen no que lles gusta porque despois terán que reproducir as súas fotos en papel.
- > Na aula, dialogan sobre o paseo *que é o que máis vos gustou?, vistes moitas flores?, hai parques próximos ás vosas casas?, adoitades ir xogar ao parque?, a que xogades no parque?, a que xogaba Poli no parque?*
- > Realizan a **ficha de traballo n.º 1** (páxina 9).

3. Xogo: Sol, choiva e semente

Este é un xogo para tres xogadores onde todos cooperan para deixar medrar unha semente.

Cada participante esconde unha man detrás das costas e despois de contar ata tres saca un dos movementos establecidos:



Sol: a man aberta cos dedos estendidos, coma se fosen os raios do sol.



Choiva: a man con catro dedos cara abaixo e o dedo gordo escondido, coma se caese a choiva.



Semente: o puño.

A combinación gañadora é semente-sol-choiva; deste xeito a semente ten á vez sol e choiva; daquela, para celebrar o éxito da colleita, o dedo índice xorde de repente coma se fose o talo.

Seminario de Educación para a Paz. Mans cooperativas. Páx. 106.

Dialogar cos participantes por que non medraría a semente se só recibise sol ou chuvia ou se non recibise ningunha das dúas cousas. Así como a semente necesita luz (do sol) e auga (da choiva ou da rega), identifican situacións nas que a axuda ou a presenza dos demais é necesaria.

4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 1: **Que é o que vexo no parque?** Páxina 9.

Ficha 1

Que é o que vexo no parque?. Debusca ou pega as cousas que viu Algo e as que ti viches durante o paseo.

Responsabilidade:

Tin é responsable

Kalz está no cuarto de xogar, facendo unhas construcións. Tin pasa por aí.



Tin: Ola, Kalz!

Kalz: Ola, Tin!

Tin: Que fas?

Kalz: Estou construíndo un castelo.

Tin: Que estás a facer que?

Kalz: Espera, espera... teño que rematar esta ponte e non podo falar.
Vaia!

Tin: Non entendo nada, mellor espero a que poidas falar.

Kalz: Iso! Diciache que estou construíndo un castelo, un castelo enorme!

Coas súas torres e as súas ameas... Ho, aquí vou poñer unha ponte levadiza e aquí unha porta para que entren [chu-cu, chu-cu...] os cabalos a galope... Ho, si, si...

Tin: Xa.

Kalz: Pois a min gústame. Paréceme precioso.

Tin: Mmm... Eu prefiro xogar a coller. Xogas?

Kalz: Non, non, non. Quero acabar o castelo, que me está quedando moi bonito.

Tin: Pois eu vou xogar a coller.

Kalz segue coa construción mentres Tin marcha. De súpeto, Tin volve, pero esta vez cunha pequena saba branca sobre a cabeza. Como non ve nada, xira dun lado a outro sen saber onde dirixirse.

Tin: Uuuuh, a este castelo fáltalle... unha pantasma! Uuuuh!



Responsabilidade:



Kalz: Xa sei que es ti, Tin. Ten coidado, a ver se vas tirar co meu castelo.

Tin camiña polo cuarto ás cegas, coa saba na cabeza.

Tin: Ti si que tes que ter coidado porque espertaches a pantasma.

Comeza a persecución arredor do castelo.

Kalz: Ten coidado, Tin, vas tirar o meu castelo.

Tin: Quererás dicir o meu castelo!, uuuh!

Nun xiro, Tin choca contra o castelo e rómpeo. Quita a saba da cabeza e ve o que fixo.

Kalz: Pero, pero...

Tin: Perdoa, Kalz.

Kalz: Aviseite, Tin, díxenche que tiveses coidado.

Tin: Ai, Kalz, síntoo, síntoo... Co que che custou facelo.

Kalz: Mira que te avisei. Mmmm... Veña, non importa, tiráchelo ti, agora axúdame a reconstruílo. Que che parece?

Tin: Tes razón. Imos reconstruílo, xuntos.

Kalz: Xa verás como nos queda máis bonito ca antes.

Ambos os dous constrúen un castelo novo. Están contentos co traballo que fixeron.

Tin: Que che parece, Kalz? Non está mal, eh? Mmmm, vale, tireicho, pero mira que ben nos quedou ao final.

Tin: Ho, ho! Kalz? Pero Kalz... Kalz?

De golpe, asustando a Tin, Kalz entra no cuarto cuberto por unha saba branca.

Kalz: Aaaaaargh! Uuuh! A Kalz comino! Son a pantofoa deste castelo.

Os dous rin e corren arredor do castelo.



Responsabilidade:

Kalz ensínanos un xogo novo.

1. Obxectivos.

- Asumir responsabilidades e cumprilas.
- Participar activamente nun xogo non competitivo.

2. Desenvolvemento da actividade.

---➤ Iníciase a actividade cos participantes sentados en círculo. En orde, van saíndo ao centro e representan, mediante xestos, algunha responsabilidade que realizan na aula ou na casa. Se teñen dificultade para identificalas, pódeselles dicir ao oído algunha para que a representen (regar as plantas, subir/baixar as persianas, gardar os xoguetes, borrar o encerado, repartir os materiais, reciclar o papel, etc.). Os demais participantes deben adiviñar a responsabilidade e dicir se son eles ou outras persoas quen as realizan. Unha vez identificadas, escollen unha ou varias, utilizan a **ficha de traballo n.º 2** para identificar a responsabilidade, para incluír as tarefas que deben realizar e rexistrar o cumprimento das súas responsabilidades diariamente:

Nome:						
A miña responsabilidade	Que fago?	luns	martes	mércores	xoves	venres
Repartir e ordenar os materiais	Repartirlos aos meus compañeiros e compañeiras os materiais. Ao final do día recollelos e ordenalos.					

---➤ Reflexionar que é importante o seu cumprimento e a participación de todas as persoas. Semanalmente, poden rotar de responsabilidades dentro da aula. Poden exercitar a lectura lendo o texto do capítulo "Tin é responsable".

3. Xogo: Kalz di...

Esta é unha variación do xogo "Simón di" pero esta vez as indicacións serven para que os participantes realicen actividades xuntos. Previamente hai que comentar que tamén somos responsables cando participamos nun xogo e cumprimos as normas.

Formados en círculo realizan as accións que empecen coa frase "Kalz di", como: "*Kalz di, formemos un tren*"; "*Kalz di, saltemos nun pé*"; "*Kalz di, abracemos a persoa da dereita*"; "*Kalz di, deamos tres botes*"; "*Kalz di, deamos unha palmada*"; "*Kalz di, collámonos das mans*"; "*Kalz di, deamos un salto cos pés xuntos*"; etc. Pódense intercalar algunhas indicacións que non empecen coa frase "*Kalz di*", para que os participantes as diferencien e poñan atención. Por quendas, todos terán oportunidade de darlle indicacións ao resto do grupo.

Unha variante é ir acumulando os movementos de tal maneira que cada vez sexa máis complexo: "*Kalz di, formemos un tren, saltemos nun pé, abracemos a persoa da dereita, deamos tres botes, deamos unha palmada, collámonos das mans, deamos un salto cos pés xuntos...*"

4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 2: **Son responsable.** Páxina 15.

Ficha 2

Son responsable. Escribe cal é a túa responsabilidade e o que debes facer, despois pinta un cadrinho ou pega un adhesivo por cada día que a realices.

O meu nome:						
A miña responsabilidade é:	Que fago?	luns	martes	mércores	xoves	venres
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					
-----	-----					



Sinceridade:

O mellor é dicir a verdade

Kalz e Tin están facendo un quebracabezas.



Kalz: Imos armar o quebracabezas deseguida, vamos aló! A ver, a ver, esta por aquí, esta non...

Tin: Esta peza non me encaixa en parte ningunha, non hai maneira...

Tin: A ver se así encaixa...

Kalz: Vou probar aquí.

Tin: Este quebracabezas é moi bonito, pero non hai maneira de acabalo.

Kalz: Non te rendas, case o temos. A ver esta...

Tin: Creo que é mellor pedir axuda. Haberá quen nos bote unha man, non é?

Kalz: Si. Se non, non imos dar armado nunca.

Saen na procura de axuda e deixan o quebracabezas a medio facer. Chega Poli. Vén andando de costas, porque arrastra un tren coa boca.

Poli: Ola, Kalz!, Ola, Tin!, mirade que tren máis bonito atopei.

Golpea o quebracabezas e tómbao, solta o que tiña na boca, xírase e ve a desfeita.

Poli: Ho, pero... rompín o quebracabezas que estaban a facer Kalz e Tin. Uh, cando o saiban vanse enfadar... Ai, como era?


En pouco tempo consegue terminalo perfectamente.

Kalz e Tin volven distraídos, falando entre eles.

Kalz: Mira, alí está Poli. Ola, Poli!.



Sinceridade:



Poli: Ola.

Tin: achégase ata o quebracabezas rematado.

Tin: Oh, Poli, sabes quen fixo isto?

Poli: Ah!, nin idea, estaba así cando cheguei, eu non tiven nada que ver.

Kalz: Non viches nada? Se estivemos fóra só un cachiño.

Tin: Non o farías ti e estaste facendo o interesante?

Poli: Non, non, non. Seguro. Eu non fun e non vin nada.

Kalz: Vale, crémolos. Pero é unha pena. É que era un quebracabezas difícilísimo.

Tin: Levabamos toda a tarde intentando facelo.

Kalz: E agora non temos nin idea de quen o acabou.


Tin: O único que sabemos é que se lle dan moi ben os quebracabezas.

Kalz: Desde logo! Oxalá soubese quen o fixo para felicitalo.

Kalz e Tin saen do cuarto preguntándose como lograría rematar o quebracabezas o personaxe misterioso.

Poli queda só en fronte do quebracabezas e agocha a cabeza.

Poli: Ho!, que parvada non dicir a verdade, non?



Sinceridade:

Descubrimos palabras con Poli.

1. Obxectivos.

- Exercitarse na autoavaliación das súas accións.
- Potenciar a sinceridade e o achegamento mutuo.

2. Desenvolvemento da actividade.

- ➔ Esta actividade pódese realizar como avaliación despois dunha actividade grupal ou para identificar aquelas situacións nas que o grupo debe mellorar coa participación de todos. Iníciase cos participantes sentados en círculo. A continuación amósanse dúas láminas: unha terá unha cariña risoña que representa as actividades ben realizadas e a outra terá unha cara pensativa, que indicará que hai cousas que aínda poden mellorar.



alegre



pensativa

- ➔ Por quendas, os participantes identificarán aquelas situacións asociadas con cada unha das cariñas. Tamén se poden formular situacións para que os participantes as valoren e asignen unha cariña: *“unha nena ou un neno está só no patio”, “os materiais están desordenados”, “unha persoa empurra a outra e cae”, “un neno ou nena utiliza papel reciclado para debuxar”, “unha persoa abraza a outra”*... Se hai nenos ou nenas que non xogan con todos ou que non comparten os mate-

riais, débese intentar que entre todos propoñan alternativas para que se poidan sentir ben, sen botarlle a culpa a ninguén; hai que estar atentos para recoñecer os cambios e dar oportunidades.

- ➔ Reflexionar que é importante dicir a verdade e que cando nos equivocamos, sempre temos a oportunidade de facer as cousas ben. Poden exercitar a lectura lendo o texto do capítulo *“O mellor é dicir a verdade”*.

3. Xogo: A palabra secreta de Poli

Este é un xogo que require preparación: hai que seleccionar imaxes de plantas, animais ou obxectos que coñezan os nenos e nenas; poden ser pequenos ou grandes e debe haber tantas imaxes como participantes. As imaxes péganse sobre cartolina, de xeito que se formen tarxetas do mesmo tamaño e cor.

Colocar as imaxes nunha caixa, sacar unha ao azar e ensinala a todo o grupo excepto a unha persoa; ao amosala débese dicir *“esta é a palabra secreta de Poli”*. O obxectivo do xogo é conseguir que o/a concursante adiviñe de que se trata, mentres o resto dos participantes dá pistas, pero sen poder dicir do que se trata: *“é vermello”, “é redondo”, “ten pebidas pequenas”, “rima con chocolate”, etc.* Por quendas, todos os participantes van ter a oportunidade de adiviñar as palabras secretas.

Na **ficha de traballo n.º 3** escribirán as pistas e debuxarán a palabra secreta.

4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 3: **A palabra secreta de Poli.** Páxina 21.

Ficha 3

A palabra secreta de Poli. Debuxa e escribe algunhas pistas que axudaron a que descubrises a palabra secreta de Poli.


Pista 1:

Pista 3:

Pista 2:

Pista 4:

A palabra
secreta é...



Participación:

Buscando a Don

Kalz e Tin pasean pola rúa.



Kalz: Encántame pasear polo barrio os domingos.

Tin: Pois eu abúrrome. Nunca pasa nada emocionante.

Kalz: Veña, Tin, anímate.

Tin: Oxalá pasase algo. Oíches iso, Kalz?

Kalz: Que pasa?

Tin: Parece que alguén está chorando.

Algo: Buuahh, buuuah... Snif.

Kalz: Ho!, é Algo. Que estará pasando?

Kalz mira á xanela que ten xusto enriba.

Kalz: Que che pasa Algo?

Algo: Snif. É terrible. Levo todo o día buscando o me irmán Don e non o atopo. Xa non sei onde buscar! Podédesme axudar?

Tin: Claro que si, Algo!

Tin comeza a subir cara á xanela, pero Kalz empurra del por detrás.

Kalz: Non, Tin, é moi perigoso entrar nunha casa descoñecida. E se nos confunden cun monte de roupa sucia?

Tin: Kalz, temos que axudar a Algo. Apura.

Kalz: Veña, se é por axudar a unha amiga vale. A ver...

Kalz e Tin asómanse á xanela e ven sorprendidos o cuarto desordenado.

Kalz: Eh! Pero, que pasou aquí? Que desorde!

O chan está cheo de roupa sucia e restos de comida. Hai pezas dun xogo de construción e bonecos espaxados aquí e alí.

Tin: Témonos que reunir todos.

Rapidamente todos os seus amigos e amigas están alí, listos para axudar a Algo.



Participación:



Kalz: Está claro o plan? Eu miro debaixo daquel sofá.

Tin: Eu entre as pezas de construción.

Poli: Eu miro polo fondo do cuarto.

Media: Eu revisarei todos os caixóns.

Poli: Como o recoñeceremos?

Algo: Ho!, é igualiño ca min.

Kalz: Non hai tempo que perder. A familia volve dentro de media hora.

Todos os calcetíns buscan a Don polo cuarto.

Poli: Nada.

Algo: Nada.

Don: Socorro, estou aquí!

Tin: Oístes iso?

Todos os calcetíns negan coa cabeza e estíranse para oír mellor.

Tin: É por alí.

Achégase correndo ata unhas zapatillas de deporte.

Tin: Por fin o atopamos! Axudádeme, todos xuntos!

Kalz: Si, si, veña.

Don: Ola!

Media: Consequímolos!

Algo: Consequímolos!

Don: Por fin. Moitas grazas amigos!

Algo: Buah...Vaiche facer falla un bo lavado.

Kalz: É verdade.

Todos: Ha, ha...



Participación:

Don cóntanos a súa aventura.

1. Obxectivos.

- Valorar o traballo conxunto.
- Participar na creación dunha historia grupal.

2. Desenvolvemento da actividade.

- ➔ Iníciase a actividade despois de ver o capítulo "Buscando a Don". O obxectivo é inventar unha historia na que se explique por que Don estaba durmindo dentro dunha zapatilla e non na súa cama. Poden exercitar a lectura lendo o texto do capítulo e dramatizándoo.
- ➔ Todos os participantes deben achegar unha parte da historia. Sentados en círculo, escoitan o comezo da historia: "Algo estaba moi preocupada porque non atopaba a Don; o que non sabía Algo é que seu irmán Don se erguera moi cedo porque oíra o timbre..." Por quendas continúan a historia; se teñen dificultade pódeseles axudar formulando preguntas: *"quen estaba chamando ao timbre?"*; *"por que ía tan cedo?"*; etc. Retómase a historia para terminala *"...cando a Don lle entrou o sono, decidiu volver á casa e como estaba medio durmido, meteuse na zapatilla sucia pensando que era a súa camiña. Cando espertou polos berros dos seus amigos pensou que todo fora un soño"*. Dialogar sobre a historia, se lles gustou, se todos participaron, etc.

3. Xogo: Don nos cuenta su aventura

Comentar que Don é un calcetín aventureiro que coñece moitos lugares e ten moitos amigos e amigas alí onde vai. O xogo consiste en inventar as cousas que existen en cada lugar por onde pasa Don.

"Unha vez cheguei a un lugar chamado Bilimbidón, onde todas as cousas remataban en "on"; así que todos comían... xogaban a... moitos viaxaban en... usaban... vivían en..."

Se non existen palabras coñecidas pódense inventar ou adaptalas das que coñecen, por exemplo "todos comían xamón, melón, salchichón... pero tamén mazanón, espaguetón, etc". Continúan a historia deste lugar. Seguir xogando, proponendo lugares novos, accións e terminacións de palabras. Poden facer as mímicas das accións segundo transcorre cada historia.

4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 4: **Don cóntanos a súa aventura.** Páxina 27.



Ficha 4 Don cóntanos a súa aventura.

Escrebe e debuxa unha das aventuras de Don.



Un día Don chegou
a un lugar chamado

alí todos comían

viaxaban en

vestían -----

e os nenos e as
nenas xogaban con

Solidariedade:

Onde está a bóla?



Kalz está no cuarto de xogar. Kalz parece estar buscando algo entre as cousas, Media e Tin entran no cuarto.

Kalz: Onde estará?

Tin: Ola, Kalz!.

Media: Ola, Kalz!

Kalz: Ola, Media!, ola, Tin!.

Tin: Queres xogar ao fútbol connosco?

Kalz: Ho, si, pero non atopo a bóla, levo un bo cacho buscándoa.

Media: A ver se está por aquí...

Tin: Eu creo que a vin por ese canto.

Kalz: Xa mirei aí, levo toda a mañá buscando e non hai maneira.

Os tres buscan polo cuarto, en silencio. De súpeto, óese unha voz ao lonxe.

Poli: Mmmmm!

Tin: Oístes iso?

Kalz: Soa coma se alguén quixese dicirnos algo, pero cunha pinza na boca.

Poli: Mmmmm!


Media: Eh, mirade! É Poli, está colgado do tendal! Vou ver que quere.

Kalz: Vale, nós seguimos buscando a bóla... Onde estará?

Poli está colgado dun tendal que hai no outro extremo do cuarto. Intenta falar-lles, pero a pinza péchalle a boca e só se oíse un murmurio.



Solidariedade:



Media: Que che pasa, Poli?

Poli: Mmmm.

Media: Non entendo nada. Supoño que queres que te baixe. Espera, a ver se podo...

Media intenta darlle a volta ao tendal pero non pode, pesa demasiado.

Kalz: Veña, Media!, axúdnos a buscar a bóla ou que?

Media: Síntoo, chámanme para buscar a bóla, teño que marchar.

Poli: MMMMM!

Media: Ho!, síntoo.

Media volve con Kalz e Tin para buscar a bóla.

Kalz: Onde se metería a bóla?

Poli: Mmmmmm!

Kalz: Con este tío chamando todo o tempo non imos atopar a bóla nunca...
Ho, eu vou... Mmmm.

Kalz achégase ata Poli.

Kalz: Que pasa agora, Poli?

Poli: Mmmm!


Kalz: Non entendo nada. Supoño que queres que te baixe. Espera, a ver...

Kalz intenta darlle a volta ao tendal pero non pode, pesa demasiado.

Media: Kalz, nin o intentes, pesa demasiado. Axúdasnos a buscar a bóla ou que?

Kalz: Síntoo, estanme chamando. Ata logo.

Kalz volve con Tin e Media. Seguen buscando, pero vólvese oír a voz de Poli ao lonxe.



Solidariedade:



Poli: Mmmmm!

Tin: Vou ver que quere Poli.

Tin: Que che pasa, Poli?

Poli: Mmmm!

Tin: Ho!, supoño que queres que te baixemos, pero é que estamos moi ocupa-
dos buscando a bóla...

Poli: Mmmmm!

Tin: Media, Kalz, vide un momentíño! A ver se entre os tres podemos baixar
a Poli. Apurade, apurade!

Kalz e Media abandonan a busca, saen cara ao tendal e póñense ao lado de
Tin.

Tin: Imos intentar derrubar o tendal entre os tres.

Os tres xuntos comezan a empurrar o tendal, que se balancea lixeiramente e, finalmente, cae. Kalz, Media e Tin achéganse a Poli.

Poli: Grazas, grazas. Que alivio!

Tentaba dicirvos onde está a bóla! Xa a vin ao primeiro desde alá arriba, pero coa pinza esta non había maneira de dicirvos nada.

Kalz: Estabamos tan preocupados co da bóla que non che fixemos nin caso.

Poli: Pois xa vedes, se me axudarades antes poderíavos dicir que está alí, alí detrás do carriño!

Os outros tres calcetíns xíranse inmediatamente cara a onde Poli lles indica. Sen pensalo un momento, van correndo para alá e deixan a Poli só outra vez. Poli queda un segundo pensativo e despois sae correndo detrás deles.

Kalz: Que ben!

Poli: Eh, esperádeme! Que eu tamén quero xogar!



Solidariedade:

Tin ensínanos un truco.

1. Obxectivos.

- Favorecer o desenvolvemento da empatía.
- Poñer atención nas necesidades dos demais e axudalos.

2. Desenvolvemento da actividade.

- > Iníciase a actividade despois de ver o capítulo **"Onde está a bóla?"** Sentados en círculo deben dialogar sobre a actitude de Tin, destacar a atención que pon Poli aínda cando estaba buscando a bóla.
- > Reciben a **ficha de traballo n.º 5**. Nela, deben completar a frase "Se alguén me pide axuda, eu..." Despois debuxan o contorno das súas mans (pódenlles pedir axuda a outras persoas).
- > Escriben o seu nome debaixo de cada man e buscan entre os seus compañeiros e compañeiras outras mans para formar novos pares, de tal maneira que a man dereita sexa dun e a esquerda doutro. Deberanse poñer de acordo para pintalas e pegalas nun folio.
- > Unha vez formados todos os pares, por quendas, contan a quen lle deron a súa man dereita e a quen a súa man esquerda, ao tempo que collen das mans aos seus compañeiros ou compañeiras. Ao rematar todos os participantes estarán entrelazados.

---> Finalmente avalían a actividade. *"Foi fácil poñerse de acordo?, pedimos axuda?, axudámoslles aos demais?, cal é o truco de Tin para estar atenta ás necesidades dos demais?..."*

3. Xogo: O truco de Tin

Este xogo é preferible facelo no patio. Tamén se pode levar a cabo nun espazo pechado cun globo.

De pé, en forma de círculo, tiran a bóla ao aire por quendas, mentres din unha situación na que poden axudar a outras persoas ou na que outras persoas os axudan (a facer os deberes, levarnos/traernos ao colexio, buscar libros na biblioteca, etc.). Se xogan cun globo intentan darlle un golpe para evitar que toque o chan.

Tentan descubrir o truco de Tin, é dicir, repiten o xogo dicindo as actitudes que nos axudan a descubrir as necesidades dos demais (se nos piden axuda, se vemos que están cansos/as, se os notamos tristes, se estamos atentos, se escoitamos aos demais, etc.). *"Se alguén está triste, eu...", "Se alguén me pide axuda, eu...", "Se alguén faltou á clase, eu...", "Se alguén se pon enfermo, eu..."*

4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 5: **Un truco para compartir e axudar.** Páxina 35.

Ficha 5 Un truco para compartir e axudar.



Se alguém me pide axuda, eu


- Debuxa o contorno das túas mans e escribe o teu nome. Recorta e intercámbiaas cos teus compañeiros e compañeiras. Busca entre eles unha man dereita e unha man esquerda.

Man esquerda Nome:	Man dereita Nome:
-------------------------------	------------------------------

Paz:

Queredes xogar comigo?

Kalz, Tin e Poli pasean polo parque. Ao fondo ven a Media cunha bóla.



Poli: Mira, aí está Media coa súa bóla.

Os dous ocúltanse detrás dunha sebe.

Kalz: Onde?

Poli: Ah!, veña, escóndete aquí.

Tin: Ola, Kalz!, Ola, Poli!

Poli: Veña, escóndete!

Tin: Estamos xogando ás escondidas con Media?

Poli: Non, escoitádeme, escoitádeme. Nós queremos xogar con esa bóla que ten Media, pero seguro que non nola deixa.

Tin: Non sei, Poli, ao mellor si que quere xogar connosco. Que vai facer coa bóla esa ela soa? Se non lla pode pasar a ninguén... Vou ver que quere.

Poli: Que non, se nos ve collerá a bóla e irá para o outro lado do parque. Quedaremos sen xogar, temos que quitarlla sen que se decate. Veña, seguideme. Por este camiño chegamos antes á bóla.

Sen decatarse, Poli dálle a Kalz cunha póla.

Kalz: Ui! Ten máis coidado.

Poli, Tin e Kalz intentan quitarlle a bóla a Media.



Paz:



Poli: Tírome coa corda coma Tarzán e volvo coa bóla. Vamos aló.

Poli: Mira Kalz, alí está a bóla, díxenche que era un bo plan.

Poli, Kalz e Tin reúnense detrás do arbusto.

Tin: Xa o intentamos todo, eu o único que quero é xogar á bóla.

Poli: Un intento máis, que xa case o temos.

Tin: Creo que o mellor sería ir falar con Media, dicirlle que queremos xogar con ela, non é?

Poli: Non, non, agora que case o logramos... Esta vez conseguímolos. A ver, Kalz, colle aquela póla que está alí xunto á árbore...

Tin sae de detrás da sebe e achégase a Media.

Poli: Ho! Non, non, non, Tin. Volve aquí! Coidado! Vaite ver! Volve aquí!

Kalz e Poli quedan detrás da sebe.

Poli: Ho!, que desastre!, que desastre!

Media: Ola, Tin! Onde andabas? Teño esta bóla tan bonita e unhas ganas de xogar un partido... Non saberás onde están Kalz e Poli? Seguro que lles apetece xogar á bóla.

Tin: Pois, pois... ben, por casualidade vou ver se están por aquí. POLI! KALZ! Queredes xogar á bóla?

Os dous asómanse, avergoñados, desde detrás do tronco.

Media: Ola! A que estabades xogando?

Kalz e Poli: Ho!



Paz:

Media fálanos da paz.

1. Obxectivos.

- Aprender a valorarse e valorar os demais.
- Favorecer o desenvolvemento de hábitos de convivencia e amizade.

2. Desenvolvemento da actividade.

- > Iníciase a actividade comentando os xogos que coñecen e se lles gusta xogar na casa, no recreo, no parque, etc. Pódeseles preguntar cales se poden xogar con outras persoas, onde os aprenderon, etc. Poden describir brevemente como se xoga. Hai que recordar que o importante é que todos poidamos participar e aprendamos outros xogos novos.
- > Recoñecer que hai ocasións nas que os xogos non rematan ben e enfadámonos; pódese dialogar sobre como nos sentimos cando isto acontece e como o poderíamos mellorar. En pequenos grupos, presentan solucións para as diferentes propostas: ***Alguén escondeu a bóla, non respecta as regras do xogo, está actuando bruscamente, insultou un compañeiro ou compañeira...***
- > Facer un plenario para que todos coñezan o traballo de cada equipo. Recoñecer que é importante escoitar e sentirse escoitado. Comprometerse a buscar solucións aos problemas dialogando cos demais.

3. Xogo: Media fálanos da paz



A min gústame moito xogar cos meus amigos e amigas á bóla, pero tamén coñezo outros xogos... o importante é que todos coñezamos as regras e as respectemos, e que se hai algún malentendido o resolvamos falando. Probade a xogar ao "Tres non en raia", estou segura de que vos divertiredes tanto coma min...

O "Tres non en raia" é o contrario do "Pai, fillo e nai", é dicir, que debemos intentar non poñer tres marcas iguais nunha mesma fila... Ah!, e o primeiro xogador ou xogadora sempre empeza no medio. Vanse alternando ao longo do xogo, é dicir, unha vez cada un/a.

Ao igual que este xogo, pódense propoñer alternativas a outros xogos competitivos converténdoo en xogos cooperativos.


4. Material para fotocopiar:

Ficha n.º 6: **Tres non en raia.** Páxina 41.

Ficha 6

Tres non en raia.

Busca un compañeiro ou compañeira para xogar!



-----> Xoguemos con Kalz e Tin.

Unha nova aventura. Escribe a túa propia historia de Kalz e Tin.




Título:


Debusca unha escena:

Escribe a historia:

Quebracabezas. Pinta e recorta as pezas deste quebracabezas.



Bibliografía



BENNETT, S. y LOETTERLE R.: **365 Actividades sin TV para tu niño**. Tikal, Madrid, 2002.

HAEUSSLER, I.: **Educando en valores**. Dolmen Ediciones, Santiago de Chile, 1999.


LLOPIS, C.: **Los Derechos Humanos en Educación Infantil**. Narcea, Madrid, 2001.

SEMINARIO DE EDUCACIÓN PARA LA PAZ DE APDH: **Manos cooperativas. Juegos y canciones infantiles de siempre para ser siempre amigos**. Los libros de la Catarata, Madrid, 2005.

VV.AA.: **Cómo educar en valores. Materiales, textos, recursos y técnicas**. Narcea, Madrid, 1997.

VV.AA.: **El aula: un lugar donde vivir en democracia**. CIDE/EDUCALTER, Lima, 1997.

Outros recursos



No web:

Como facer un álbum de recordos?

<http://www.sesameworkshop.org/parents/activity/article.php?contentId=7167&>

Óperas como contos

http://www.cuentameunaopera.com/interior.asp?variable=index_cuentos.htm

Para divertirse lendo

<http://www.colorincolorado.org/actividades/index.php>

Que é origami?

<http://www.pilosos.com.co/web/diver/origami/>



Non nos dá igual
¡Queremos un mundo máis
xusto para todos e todas!

Organiza:



Colabora:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

902 444 844
www.entreculturas.org